

LIGA: Mondoñedo - Lourenzá 08/09

Normativa

1.- XERAIS:

- 1.1.- O regulamento será o da Liga Nacional de Fútbol-sala, e o réxime disciplinario será o da Federación Galega de Fútbol-sala, salvo que se faiga constar o contrario nas normas particulares.
- 1.2.- A competición disputarase polo sistema de todos contra todos a dobre volta. O día final, entregaránse os trofeos, devolverase o fondo sobrante.
- 1.3.- Os partidos disputaranse os venres no Pavillón Municipal de Lourenzá e o Sábado no Pavillón Municipal de Mondoñedo.
- 1.4.- Para participar nesta liga, o xogador haberá de ter 18 anos cumpridos, ou ben, ter 16 anos cumpridos, e traer un permiso do seu pai/nai/tutor.
- 1.5.- O equipo presentará a lista de xogadores, cubrindo a ficha correspondente, a que acompañará fotocopia do D.N.I. de cada xogador e do delegado. En calquera momento o xogador poderá ser identificado, solicitándolle o D.N.I. original.
- 1.6.- Non será impedimento para xogar, o que o xogador esteña federado en calquera outra competición deportiva.
- 1.7.- Os partidos serán de dous tempos de 20 minutos, e poderase pedir un tempo morto en cada un deles que será a tempo parado.
- 1.8.- Para comenzo o partido o equipo deberá de ter, alomenos 4 xogadores en pista.
- 1.9.- Os xogadores de cada equipo deberán vestir uniformados, con camisetas e pantalóns iguais (excepto o porteiro) numerados e sen números repetidos.
- 1.10.- A liga comenzo o día 7 de novembro de 2008, e disputarase os días antes mencionados na franxa horaria desde as 21:20 os venres e ás 18:00 os sábados.

2.- PARTICULARES:

2.1.- INSCRIPCIÓNS:

2.1.1.- A inscrición de cada equipo ten un importe de 420 euros, e o fondo para sancións de 100 euros, o que fai un total de 520 euros, que cada equipo deberá ingresar antes do comenzo da liga. Non ingresar ese fondo na data indicada fará que se elimine ese equipo para a competición e que se chame algún dos equipos reservas.

Si algún equipo agota o fondo, deberá repoñelo, e caso de non facelo sería expulsado da liga.

2.1.2.- Cada equipo poderá inscribir un número máximo de 15 xogadores o largo da competición.

2.1.3.- Unha vez inscritos os 15 xogadores, o equipo poderá dar de baixa algún deles, e substituílo por outros antes de rematar a primeira volta da liga. Cada cambio que se produza suporá un cargo pó equipo de 6,00 euros.

2.2.- SANCIÓNNS.

2.2.1.- Por cada tarxeta amarela, 3,00 euros. Non existe suspensión por acumulación de tarxetas amarelas.

2.2.2.- Por cada tarxeta vermella, 6,00 euros, e un partido de sanción mínimo, e logo decidirá a

organización en función da gravidade.

2.2.3.- Por non presentar DNI, 12,00 euros, e non seguirá xogando esa xornada.

2.2.4.- Xogar cun xogador non inscrito, 18,00 euros.

2.2.5.- Non presentarse a un partido, ou facelo con menos de 4 xogadores, 30,00 euros. A terceira non presentación, será dado de baixa da competición, e perderá o fondo restante. No partido no que un dos equipos non se presente ou o faiga con menos de 4 xogadores, darase por gañador o equipo rival por 3 goles a 0. No caso de que non se presenten os dous equipos darase o partido por non xogado sancionando os dous equipos con 30,00 euros.

2.2.6.- Por cada xogador que non garde a uniformidade dentro do equipo, 3,00 euros cada partido.

2.3.- OUTRAS:

2.3.1.- Os equipos deberán aceptar o árbitro que fora designado para ese día. Caso de non querer xogar por ese motivo, daráselle o partido por perdido, con resultado de 3 goles a 0.

2.3.2.- Para cambiar o horario dun partido, dentro da franxa horaria da liga, terán que estar de acordo os catro equipos implicados. Se o cambio e para un horario fora desa franxa horaria, os gastos de arbitrase serán a costa do equipo que solicita o cambio.

2.3.3.- Os cambios de partidos haberán de ser solicitados a organización como moi tarde no primeiro partido da xornada anterior.

2.4.- APRAZAMENTOS:

*Os encontros aprazados serán asumidos polo equipo que o solicita, sempre e cando se entregue o impreso de solicitude de cambio firmado por ambos clubs antes de rematar a xornada anterior o cambio.

*O abono ó árbitro executarase o entregar o impreso de solicitude firmado polos equipos implicados no cambio.

3.- FINAIS:

3.1.- O tratarse de actividades de entretenemento e ocio, non competición federada, calquera accidente ou lesión que se poida ocasionar coa práctica deste deporte será de responsabilidade e por conta do participante, sin que poida repercutir o reclamar nada a organización.

3.2.- Todo equipo que participe na competición estará obrigado a aceptar éstas normas, polo que a participación implica a aceptación das mesmas.